

Comentarios recollidos do [blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. O libro conta varios relatos diferentes entre eles: "Un problema de ósos", "Amor dos quince anos, Marilyn", "Malos tempos para as pantasma", "Un templo para gatos" e "Un sono que adelgaza". Os que máis me gustaron foron: "Malos tempos para as pantasma" e "Un templo para gatos". O conto de "Malos tempos para as pantasma", conta a historia dun mozo nacido no século XVII, que se enteira de que os primoxénitos da súa familia, unha vez mortos e tras vinte e cinco anos, teñen que saír da tumba e vivir un ano máis de vida. Neste tempo se casan cunha muller, poderán vivir unha segunda vida, e cando morran ... Se non casan, terán que ... O conto "Un templo para gatos", conta a historia dun marido e a súa muller, que foron vivir a un casarío e, como nel vivían moitos ratos, decidiron mercar unha gata. Dado que esta gata tivo moitos. É un bo libro, é divertido e ten detalles curiosos. Recomendollo á xente que lle guste ler libros divertidos e entretidos. **(José Manuel)**

2. A min este libro parécese moi bonito e divertido nalgúns capítulos, xa que o libro ten diferentes historias. Exactamente hai cinco, totalmente diferentes entre si. A que máis me gustou foi: "Un problema de ósos", que trata sobre o Conde Drácula, que ven á Coruña desde Transilvania cunha dor de ósos, polo frío que facía alí. Na Coruña, recomendáronlle un médico moi bo dos ósos, e el foi ... Outra historia que me gustou moito foi "Un templo para gatos", onde un marido e a súa muller compraron unha casa, pero a casa estaba infestada de ratos. Ao día seguinte, foron comprar unha gata experta en cazar ratos, pero esa gata quedou preñada, e... Tamén hai outro hai outro capítulo que me gustou, pero non tanto, titúlase: "Un sono que adelgaza". Pareceume un pouco pesado, e o resto dos capítulos xa non me gustaron. Este libro recomendaríao para ler, porque, por unha parte é divertido, nalgúns capítulos, pero en outros é moi pesado. **(Alejandro)**

3. O libro en xeral gustoume. O libro narra distintas historias, todas elas cheas de imaxinación, malia que "Amor dos quince anos, Marilyn" fáiseme un pouco pesado e "Malos tempos para as pantasma" parécese aburrido. A historia que mais me gustou foi "Un problema de osos" que me parece un libro moi enxeñoso cunha triste historia de por medio. Eu recomendo aos meus compañeiros que lean este libro porque me parece un libro moi ameno cun pequeno toque de humor. **(Andrea)**

4. Este libro gustoume moito. Todas a historias teñen en común anuncios dun xornal. A historia que máis me gustou é a titulada: "Un sono que adelgaza" porque, aínda que é un pouco longa, é moi simpática e entretida. Trata dunha parella de mozos que engordaron moito e decidiron ir a unha clínica que anunciaban no xornal especializada en adelgazamento. Finalmente, foron escollidos e tiveron que ir a un recinto onde se farían os tratamentos de adelgazamento. (A verdade, segundo o autor describía o recinto semellábase moito o do programa de televisión chamado "Cambio radical"). Alí, facían dietas A min gustoume este libro. En xeral gústanme todos os libros que teñen varias historias curtas e non unha soa longa. Deste autor xa lera o ano pasado "Contos por palabras" e gustárame moito. **(Rafael)**

5. Normalmente non me gustan os libros con relatos pequenos porque non me dá tempo a adentrarme na historia pero esta vez (non sei como) fun capaz. Este libro gustoume pero non todo, porque o relato de "amor dos 15 anos, Marylin" pareceume un aburrimiento; "Un sono que adelgaza" foi moi pesado; "malos tempos para os pantasma" rematou cando non tiña que rematar; e "Un templo para gatos" foi unha historieta inaguantable por carecer das cousas que fan unha historia de verdade. O único relato que saciou a miña fame de literatura foi "Un problema de ósos". Eu modificaría este libro e alongaría o relato terceiro e o primeiro e así merecería a pena volvelo a ler. **(David)**

6. Libro moi aburrido e desesperante, non me gustou nada pero nada de nada. Non llo recomendo a ninguén que non queira perder o seu apreciado tempo (**Pablo**)

7. Este é un libro que conta con varias historietas das que non me gustaron todas. "O amor dos quince anos, Marilyn" e "Un sono que adelgaza" parécenme unha parvada poñelos porque non son interesantes. O que máis me gustou foi "Un problema de ósos" que fala de Drácula que chega á Coruña cunha dor de ósos dende Transilvania e recoméndanlle un médico especialista en iso pero ... (**Jorge**)

8. O libro en xeral é entretido e interesante. A min estes libros nos que se fan historias a partir de anuncios pequeniños encántanme. O libro ten varios relatos pero eu destacaría o que mais me gustou, que foi *UN TEMPLO PARA GATOS*.

9. Este relato gustoume pola súa brevidade e polo ben que encaixa a historia co anuncio, e trata do seguinte: un home e a súa namorada decidiron abandonar os ruídos da cidade para irse vivir na paz do campo ... (**Eligio**)

10. O libro conta varios relatos diferentes, entre eles: "Un problema de ósos", "Amor dos quince anos, Marilyn", "Malos tempos para as pantasma", "Un templo para gatos" e "Un sono que adelgaza". Os que máis me gustaron foron: "Malos tempos para as pantasma" e "Un templo para gatos". Este libro é moi interesante (**Santiago**)
